

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 4 DE SETEMBRO DE 2006

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

OCiHR
Licenzas

FAVORABLES

LIC/936/2006.- MANUEL LAMAS SOUTO.

Rehabilitación dun edificio para unha oficina e tres vivendas na praza da Inmaculada, nº8.

OUTROS

LIC/1351/2005.- HOSTAL SAN LORENZOS.L.

Rexeita-lo recurso de Reposición de denegación da licenza para reforma parcial da cuberta e da súa redistribución interior na rúa San Lourenzo 2-4-6.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

DIS/1349/2005.- DICONSA DISEÑO E CONSTRUCCIÓN S.A.

Devolución de fianza por posibles danos na Corredoira das Fraguas, nº52.

3.- Dar conta dos informes preliminares en materia de incendios forestais.

A Xunta de Goberno dáse por enterada dos distintos informes das Concellerías de Seguridade Cidadá e Medio Ambiente e Persoal, relativos a gastos producidos pola vaga de incendios.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Mercados relativa á aprobación do proxecto definitivo de remodelación da Praza de Abastos.

Apróbase o proxecto técnico por un importe de 5.145.143 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade Cidadá relativa á solicitude á Xunta de Galicia de cesión de material para misións de protección civil.

Acórdase a devandita solicitude de material.

9.- Adxudicación do subministro de consumibles de material informático para o Concello de Santiago.

Adxudícase o devandito subministro á empresa PROFINSA por un importe total de 32.340 euros.

10.- Adxudicación do subministro de equipamento informático para homologación de novas especialidades de Formación Ocupacional da Familia Profesional de Servizos ás Empresas.

Acórdase a compra do devandito equipamento, por un importe de 11.711 euros.

12.- Adxudicación do subministro de actualización da versión BC12 dos módulos da centralita MD 110 do Concello de Santiago.

Adxudícase o subministro a TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, por un importe de 11.900 euros.

13.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de Desratización e no termo municipal de Santiago de Compostela.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 30.000 euros.

14.- Adxudicación da asistencia técnica para a dirección media das obras de Construcción dun edificio destinado á Concellería da Muller e Servizos Sociais.

Adxudícase a asistencia técnica José Luis Armental Gude, por importe de 12.000 euros.

15.- Adxudicación do subministro e instalación de equipamento para a modernización e reforma de alumado público en varios lugares da parroquia de VILLESTRO.

Adxudícase o subministro e instalación á empresa DAVIÑA S.L., por un importe de 28.233 euros.

16.- Adxudicación das obras de acondicionamento e axardinamento de terreos en POZO DA NEVE-MEIXONFRIO.

Adxudícanse as obras á empresa CESPAS, S.A., por un importe de 59.850 euros.

17.- Adxudicación das Obras de reposición de beirarrúas no Concello de Santiago (abril 2006).

Adxudícanse as obras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., por un importe de 59.940 euros.

18.- Adxudicación das Obras de Carpintería e pintura nos centros de educación infantil e primaria do municipio.

Adxudícanse as obras á empresa UPONOR, S.L., por un importe de 59.600 euros.

19.- Aprobación pregos e inicio do expediente de contratación do servizo de organización dunha Rolda empresarial Galicia-Latinoamérica en setembro de 2006.

Apróbase a realización do proxecto, a retención de crédito de 23.110 euros para o financiamento do mesmo e a apertura do expediente de contratación dunha asistencia técnica para a execución da actividade.

20.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Acondicionamento da PRAZA DE CERVANTES e o seu entorno.

Apróbase o prego e iníciase o expediente, cun tipo de licitación de 382.826 euros.

21.- Adxudicación de Obras varias de reparación nos centros socioculturais da PEREGRINA e LARAÑO.

Adxudícanse as obras á empresa MONTEBALSA, S.L., por un importe de 59.900 euros.

22.- Adxudicación das Obras de substitución do pavimento no pavillón polideportivo LORENZO DE LA TORRE.

Adxudícanse as obras á empresa CARPINTERÍA LENS, S.L., por un importe de 57.490 euros.

23.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á prórroga do contrato do servizo de control, vixilancia e limpeza das instalacións deportivas municipais.

Acórdase a prórroga do contrato con Raúl Armando Güimil Gil para a prestación do devandito servizo.

24.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica e emprego relativa á asistencia técnica para a impartición do curso "Domótica: Vivendas intelixentes".

Apróbase o inicio do curso e a súa estrutura de gasto, fixada en 45.600 euros, e a asistencia técnica para a impartición do curso, por un importe de 11.880 euros.

25.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á impartición do curso de formación destinado aos funcionarios en prácticas do servizo de extinción de incendios.

Acórdase a impartición do curso a cargo do Centro de Formación Práctico CEGALIA&MANFORD, cun custo de 8.445 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á asistencia técnica para a impartición da actividade formativa: "simplificación e mellora da tramitación de expedientes administrativos".

Acórdase a impartición do curso a cargo da empresa ESTRATEGIA LOCAL, cun custo de 7.067 euros.

27.- Proposta da concelleira delegada da Muller relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a igualdade de oportunidades e a eliminación da violencia de xénero.

Acórdase a solicitude de diversas subvencións, por un importe total de 41.863 euros.

28.- Dar conta da sinatura do convenio de cooperación entre o Concello e a Xunta de Galicia para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias.

Dáse conta da sinatura do convenio para o cofinanciamento, por un importe de 92.589 euros.

29.- Dar conta da comunicación da Deputación de A Coruña relativa ao aboamento ao Concello dunha subvención á escola de música municipal de Santiago.

Dáse conta do aboamento da subvención, por unha cantidade de 10.000 euros.